

DATA	21/12/09
Nº	2386

1024 RBF/mcm

Unha vez que se examinou o expediente que se tramitou para a contratación do servizo denominado "Seguro de responsabilidade civil e patrimonial", a adxudicar mediante procedemento negociado.

#### ANTECEDENTES

1. O 23 de novembro de 2009, mediante a resolución nº 2151, a concelleira delegada de Economía, Facenda, Réxime Interior e Seguridade, aprobou o expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade do servizo denominada "Seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Culleredo".

2. Para tal efecto publicouse un anuncio no perfil de contratante do Concello no que se solicitaban ofertas de empresas capacitadas para a súa realización e envíanse invitacións ás compañías MAPFRE, GROUPAMA SEGUROS Y RERASEGUROS, S.A., e AXA. Durante o prazo de presentación que se estableceu, presentan ofertas as seguintes empresas:

- MAPFRE EMPRESAS
- GROUPAMA SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.

3. Unha vez que se analizou a documentación administrativa, resulta que todos os licitadores teñen capacidade suficiente para ser admitidos no procedemento de contratación, e se solicita do Servizo de Asesoría Xurídica a valoración das mesmas.

4. Unha vez que se viu o informe que emite o servizo de asesoría xurídica e as ofertas económicas que se presentaron, determínase a oferta máis vantaxosa para esta administración en base aos criterios que se establecen nos pregos de condicións administrativas particulares de aplicación.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 153 da Lei 30/2007, pola que se aproba a Lei de contratos do sector público (en adiante, LCSP), establece que no procedemento negociado a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar con eles as condicións do contrato.

2. O artigo 135 LCSP establece que o órgano de contratación acordará a adxudicación provisional en resolución motivada.

En base a todo o que

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Declarar a validez do acto celebrado e adxudicar provisionalmente o servizo de "Seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Culleredo" á empresa MAPFRE EMPRESAS, CIF A-28204006, por ser a que presenta unha mellor oferta considerando os aspectos de negociación que se establecen, fixando o prezo da prima anual en 30.622,77 €.

DATA	21/12/09
Nº	2386

SEGUNDO.- Requerir ao adxudicatario provisional para que, durante o prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que a adxudicación provisional se publique no perfil de contratante do órgano de contratación, presente a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Ambas as circunstancias poderán tamén acreditarse mediante o achegamento do certificado expedido polo Rexistro de Licitadores que acredite os anteriores extremos.

b) Xustificante de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas e ao corrente no pagamento do mesmo, achegando para o efecto copia da carta de pagamento do último exercicio, á que se acompañará unha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto.

No caso de estar exento deste imposto presentarán declaración xustificativa ao respecto.

c) Documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 84 da LCSP.

TERCEIRO.- Comunicar ao adxudicatario provisional que, unha vez que transcorra o prazo establecido no parágrafo segundo, se non se procedera á adxudicación definitiva do contrato a quen resultara adxudicataria provisional por non cumprir as condicións necesarias para isto, a Corporación procederá a efectuar unha nova adxudicación provisional ás interesadas seguintes a aquela, por orde de clasificación das súas ofertas na negociación, sempre que isto fose posible.

CUARTO.- De conformidade co disposto polo artigo 135.3 LCSP, notificar a presente resolución aos licitadores e publicar a adxudicación provisional no perfil de contratante do órgano de contratación, establecendo o prazo de cinco días hábiles a partir de tal publicación para facilitar información aos licitadores interesados sobre os motivos de rexeitamento da súa proposta e das características da proposta do adxudicatario que foron determinantes na adxudicación ao seu favor

QUINTO.- Dar conta da presente resolución á Intervención municipal.

Contra o presente acto administrativo de trámite, cualificado en canto decide directa ou indirectamente o fondo do asunto, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 117.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

DATA	21/12/09
Nº	2386

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxese o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 117.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 19 de decembro de 2009  
Por proposta de  
O xefe de servizo de economía e  
facenda

Roberto Babío Fernández

Dou fe,  
O secretario xeral

Raúl Martínez Martínez

Conforme coa proposta, elévase a resolución  
Culleredo,  
A concelleira delegada de Economía, Facenda, Réxime  
Interior e Seguridade

Alicia Ferreiro Varela  
(Resolución nº 1210/07 de data 2 de xullo de 2007; BOP nº176 , de 1/8/2007)

Intervido e conforme,  
A interventora xeral

Ana M<sup>a</sup>. Prieto Martínez